

AS MENTIRAS DA CIG CONFUNDINDO AO PROFESORADO SINDICALISMO OBSOLETO E TRASNOITADO

Como membro do Consello Escolar de Galicia en representación da UGT, e polo tanto de todos os traballadores do ensino, teño que facer unhas aclaracións a todo o profesorado sobre o sucedido na reunión do mesmo onde se tratou e debateron as emendas ao Borrador do Proxecto de Bacharelato en Galicia.

Primeiro, denunciar a demagogia usada pola CIG na defensa da súa proposta de horario.

A CIG primeiro di que a Relixión fóra do horario lectivo ordinario e en base diso fai unha proposta de 32 horas na distribución do horario con **cero horas para a materia de Relixión**. PROPOSTA ILEGAL A TODAS LUCES, POIS A LOE CONTEMPLA QUE COMO MÍNIMO TERÁ DÚAS HORAS. No Consello di que non é ilegal porque se poden dar dúas horas máis para os alumnos que opten pola ensinanza desta materia, PROPOSTA ILEGAL PORQUE HABERÍA QUE TER ATENCIÓN EDUCATIVA PARA O RESTO DOS ALUMNOS QUE NON OPTASEN POLA RELIXIÓN. Pero, ademais, **a súa proposta vai con cero horas para Relixión**, e é a proposta que se vota no Consello, que como xa dixeron é ilegal. NON FIXO UNHA PROPOSTA DE 34 HORAS QUE CON ESA EXPLICACIÓN TERÍA QUE SER. A súa proposta sae **CON TRES VOTOS A FAVOR** (os tres representantes da CIG que estaban presentes no Consello), vintetrés en contra (UGT vota en contra pola ilegalidade da proposta, aínda no caso de votar a favor o resultado sería de 7 a 19) e seis abstencións.

Cando se vota a proposta de FETE-UGT (2h. en CMC, 1h. máis en Filosofía, 1h. máis en E. Física, 1h. menos en Optativa), sae con oito votos a favor, catorce en contra (**a CIG vota en contra**) e oito abstencións. Se a CIG votase a favor xa, como mínimo teríamos un empate 11 a 11.

NON SE PODE MENTIR COMPAÑEIROS NIN CONFUNDIR AO PROFESORADO.

Pero máis grave foi a terceira opción que se votaba (proposta da CECE) na que se propoñía unha hora menos en Ciencias do Mundo Contemporáneo e que pasase a Educación Física. Saíu con once votos a favor (cos votos da UGT), doce en contra (cos votos da CIG) e nove abstencións. **Se a CIG votase esta proposta a favor gañaríase claramente 14 a 9**, e como mal menor desta desfeita **conseguiríase esa hora demandada por todos para a Educación Física e abrir o debate coa Consellería para racionalizar mellor o horario**.

Segundo, tamén temos que dicir que os representantes da central sindical de CCOO abstivéronse en todas as propostas co que tamén facilitaron que a proposta da FETE-UGT ou da CECE non saíran adiante, non a da CIG que seguiría perdendo 11 a 19.

ISTO É O QUE SUCEDEU. O DE MAIS SON DEMAGOXIAS, MENTIRAS, FALSIDADES E SINDICALISMO TRASNOITADO E OBSOLETO.

XA NOS TEÑEN ACOSTUMADOS A ESTAS MANOBRAS, PERO POR ISO NON DEIXAREMOS DE DENUNCIARLAS, SOBRE TODO CANDO NOS INCLÚEN NELAS.

Terceiro, FETE-UGT iniciará como así o tiña prometido distintas accións, para conseguir un debate serio na Consellería de Educación, solicitando de inmediato unha reunión coa Conselleira, ademais de solicitarlle que non cerre esta posibilidade de debate, tendo en conta todos os razoamentos pedagóxicos e científicos, ademais das recomendacións das institucións europeas sobre materias como a Filosofía e a Educación Física cos que FETE-UGT defendeu a súa proposta no Consello Escolar de Galicia e, tamén, a forte resposta social que se está dando tanto nos Centros de Ensino como nas institucións que están afectadas neste Borrador de Decreto do Bacharelato.

Santiago, 30 de abril de 2008

Mariano García González
Sº Xeral FETE-UGT Galicia
Membro do Consello Escolar de Galicia